



O profesor José Paz doa sete bibliotecas á Deputación de Ourense



Páxina V

A exposición itinerante "O Fin do Camiño" foi presentada en Monforte



Páxina XII

Expourense celebrará Xantar en novembro



Páxina XIII

Castro Caldelas reformará o centro de saúde



Páxina XIII

Premio para o estudoso da ruta Xacobeá, Rivas Quintas



Páxina XIV

O BNG esixe ao Concello de Cartelle salvar a Torre de Sande



Páxinas XV



O Comité do Patrimonio Mundial decidirá en China sobre a candidatura de Ribeira Sacra

Páxina VIII



TABERNA A PALLOZA

Lentellas. Fabada. Callos.
Potaxe de garavanzos. Cocido.
Viño branco e tinto.
Polbo e outras comidas para levar
por encargo en 637 73 55 81.

Avda. Buenos Aires, 84. Ourense.



O Capricho

Servizo
a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE
Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE
Tfno. 988 981 601

Humor

MARTIRENA



ANTOMS



FUCO PRADO



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Vehicular. Que vergoña!

Non sei como contarlle a miña indignación co tema este da lingua vehicular. De verdade, non me cabe na cabeza tanta vergoña allea, tanto desespero. O certo é, chegados aquí, que non nos merecen, habemos pedir ira e non ser pobo manso e dócil, exemplar en tranquilidade e boas disposicións. Tanto nos pasamos que chegamos a ser algo parvos. Eu non acado entendemento para concitar tanta sen-razón, tanto -quizais- auto-odio. Porque o caso é que todo o mundo sabe que a lingua que está debilitada é a nosa, a que necesita axuda, a que precisa máis residentes ca parasitos. E non podemos seguir nesta mentira perpetua dos que nos gobernar e avergoñan, que exercen a duras penas a convicción de afecto e amor polo propio, polo noso. Porque o resto, é prestado! Non nos contan máis mentiras, o castelán está ben, moi ben, demasiado ben cando invade sen contemplacións. En Galiza nunca se impuxo a lingua propia, igual que en Castela non se pode impoñer o castelán. Son vostedes, señores da política, quen dificultan a recuperación sosegada da Nosa Lingua. Son vostedes os que nos avergoñan, no mapa do estado, cando rexeitan a lingua vehicular Nosa que nunca ameazou á prestada, e que xa é a segunda máis falada no mundo. Non sigan mentindo nin ofendendo, deshonrando. Parece que os mandatarios galegos non queren o galego, e arrebatan aos nosos fillos o código máxico do entendemento próximo e

veraz, aquel -anterior ao outro- que se move nos latexos íntimos do corazón. Por favor, non se mintan nin nos mintan. Non nos leven á ruína idiomática dos supermercados, das rendibilidades, da administración dos soños. Se se fixan ben, nos patios dos colexios e nas oficinas, nos corredores do Parlamento, mesmo nas dependencias da Xunta, todos se expresan moi ben en



castelán. O difícil é atopar alguén que se exprese ben e "con orgullo" na Nosa Lingua, única "nosa en propiedade". Deixen ese escénico galego de fotoxénese e pimpón, de agora castelán para que colla a tele de Madrid e entendan á primeira "lo hábil que soy y lo bien que me manejo, ante cámaras". Fuxan de disfrazar as estruturas multilingues da estrutura cerebral, porque -aunque non o pensen- coñécese perfectamente á persoa que é "monolingüe" en resistencia debida ou indebida,

pois estes últimos van traducindo con múltiples erros evidentes. Pasa en moitos políticos, empresarios e presentadores/as da tele galega. Xa está ben. Axuden a que O Galego recobre a dignidade de ser matrimonial e patrimonialmente Noso. Teñan pudor e a decencia, pois grazas a ese idioma están vostedes na pantalla ou gobernando, o día que acaben coa Lingua pasaremos a ser catro provincias máis, pinchadas nun pau. E vostedes non saíran na tele, senón como saqueadores da Cultura.

Ademais das bravatas como esta "vehicular", deberían deixar xa, os tempos compostos e chamarlle dunha vez, aos "presupostos", orzamentos e ao "todavía" aínda! Xa tiveron anos para aprender, para saír desa indecente salvagarda da ignorancia teimosa, deben xa librárenos destas afrontas en tempos compostos, e de rexeitar indirectamente a Nosa Lingua como lingua capaz para o entendemento total. Seguimos perseguidos dos que así se manifestan e manifestaron nesa diglosia contumaz e permanente de non poder ser quen somos. Eu quixera lembrarlles, tan só iso, que a Lingua -neste caso O Galego, como calquera lingua do mundo, non atende lateralidades de esquerdas ou dereitas. A Lingua é unha creación sublime dun pobo que así se expresa e así se presenta ao mundo. Esa vontade común, vai por "dentro" sen buscar dimensións ideolóxicas, sempre interesadas. Vai na dignidade das xentes, lonxe de proclamas constrinxidas e contraditorias, antigaleguistas que impoñen a vergoña, desde hai tempo, inventando unha lingua "común". Mais se se acepta o cualificativo "común",

haberá que incluír tamén o de "ordinaria", ou tamén o de "invasora". E entón, poderíamos desenterrar unha arma de confrontación perpetua, onde a razón sempre sería a nosa existencia. Poderemos falar de novo en tenso debate que a ninguén convén dos de "hablemos español" de Gloria Lago, que arrastran tantos traumas e odios. Son daquela xente que non viven sen terroristas e, mentres, eles non se ven no espello. Lembren, por favor, señores e señoras que andan na política, volvan ao común sentido ou senón vaiamos ao chino mandarín, o máis falado. Non deixen que lles falen da utilidade dos idiomas, son cousas para despistar. A ninguén se preguntou pola utilidade dun bico, dun aloumiño. E a Lingua Nosa é iso, un bico, un aloumiño que nunca é excluínte doutras apertas.

Non volvan facer o ridículo excluíndose do mapa, excluíndonos da consideración existencial. Non nos agasallen máis descrédito. Nunca o Galego foi, nin será, lingua de imposición. Saben por que? Porque na casa propia o Galego é o propio. Eu reclamo que se ensine en galego, desde o amor, para aprender afectos lonxe de seren ideolóxicos. Nesta expresión atenta, de composición fabulosa de soños e fantasías, de desexos, de vida compracida e horizontes grandes como o mar, coma o ceo. E iso sucederá un día.

Será entón, cando libres de ignorancias, saberemos tamén a quen queremos e a quen votamos.



Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo - **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).



Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

A "razón" populista

En 2005, o sociólogo arxentino Ernesto Laclau publicou "La razón populista", un clásico sobre a teoría dos populismos, do que tomamos o título para elaborar esta columna. O contexto deste 2021 que a penas ve á luz é pertinente para facer unha revisión sobre os populismos como fenómeno. E xa temos os primeiros exemplos.

O inaudito e violento asalto ao Capitolio estadounidense este 6 de xaneiro por simpatizantes de Donald Trump argumentando teorías conspirativas sobre un presunto fraude electoral trae a colación a discusión sobre as consecuencias que ten os populismos para as democracias e as súas institucións.

O teórico estadounidense Cas Mudde afirma que os populismos medran nas democracias. O catedrático francés Pierre Rosanvallon argumenta que "o populismo revoluciona a política do século XXI". Agora ben, por qué este evidente revival dos populismos a nivel global? En realidade, o populismo sempre estivo presente. Antes e hoxe. Dende Trump ata o filipino Duterte, dos venezolanos Chávez e Maduro (coas súas diferenzas de carisma político) a Bolsonaro, do húngaro Viktor Orban á dinastía Le Pen en Francia. De Berlusconi a Jesús Gil. E así tantos outros.

Historicamente, o populismo como fenómeno comezou a manifestarse a finais do século XIX en Rusia e EE.UU. Os "narodniki" rusos foron parentes lonxanos dos bolcheviques, entre outros. O agrario Partido do Pobo estadounidense probablemente son antecesores dos "patriotas trumpistas". Pero os exemplos históricos máis citados sobre os populismos focalízanse en América Latina a partir da década de 1930. Son os casos principalmente de Perón na Arxentina, Getulio Vargas no Brasil e Lázaro Cárdenas en México.

Agora ben, son eses liderados "históricos" similares aos populistas actuais? Non exactamente. Seguindo co argumento de Mudde, Trump, Chávez, Orban ou Berlusconi medraron e chegaron ao poder dentro de sistemas democráticos, aínda que os mesmos cuestionaran a efectividade dese sistema. Perón e Vargas eran militares en países con tradición autoritaria que estaban afrontando un proceso de modernización e mobilización social que demandaba novas representacións políticas. Aquí, máis que as clases populares, foron máis ben as clases medias as que impulsaron estes populismos.

O populista é polarizador por natureza. Precisa da división constante. Despreza o parlamentarismo e os contrapesos insti-

tucionais propios das democracias máis avanzadas, precisamente porque que fiscalizan a xestión pública e obstaculizan o seu liderado. O populista non quere intermediarios. Goberna directamente co pobo, nunha especie de transfiguración mística e pseudorelixiosa dun liderado con tintes milenaristas amparado por unha especie de "Providencia" enfocada en "rescatar aos desheredados do sistema", na eterna promesa de alcanzar "ElDorado".

Os populismos tampouco calzan exactamente dentro das categorías ideolóxicas. Fálase constantemente de populismos "de

cada un deles ubicados en polos ideolóxicos extremadamente opostos? Opostos son, pero os seus métodos de poder son practicamente idénticos. Liderados "iluminados" que se cren "a voz do pobo", dos "patriotas", dos "salvadores". Que utilizan as ferramentas da democracia para instrumentalizar sistemas personalistas de carácter refrendario, a "democracia directa". No que outros teóricos como Fareed Zakaria e Marina Ottaway teñen tipificado como "democracias iliberais". E outros, como o sociólogo arxentino Norberto Ceresole, no seu momento mentor ideolóxico de Chávez, explicou como a "posdemocracia".

Todo isto gravita dentro da oferta política que temos actualmente. Por iso, o ataque "trumpista" ao Capitolio, símbolo da democracia estadounidense por acoller o poder lexislativo, pasará á historia como unha infamia, pero tamén como o exemplo da degradación dunha representación política que usa constantemente as redes sociais para incentivar o odio e a mobilización. É lexítimo todo isto? Ten razón de ser esta "razón" populista? Non, en absoluto, cando menos en termos éticos. Pero o fenómeno populista segue alí, e non da visos de desaparecer.



dereitas" e de "esquerdas", explicadas de acordo ás culturas políticas e a estratificación de determinadas sociedades. Pero tampouco é un enfoque exacto. De ser así, como encaDRAMOS a populistas como Trump e Chávez,

Por Ramón Coira Luaces

Álvaro Xil Varela

Foi un empresario, doutor en Ciencias Naturais pola Universidade de Berlín e inxeneiro de Montes, nacido en Lugo en 1905 e finado en Madrid en 1980. De tod@s@s galeguistas este é moi curioso, pois tiña cartos e era moi xeneroso. Foi axudante de montes da Deputación de Pontevedra e, tras o Golpe estivo un tempo represaliado na Illa de San Simón e foi desposuído dos seus títulos académicos, pois



era membro do Partido Galeguista. Ocupou cargos directivos na empresa Zeltia, coa que entrara en contacto no 39, e participou na xestión de Transfesa a partir do 43. Foi un mecenas de arte e a súa colección de pintura galega contemporánea era a mellor que había en Galiza. Axudou economicamente ás familias de mártires galegos asasinados no 36, á viúva de Castelao, Virxinia Pereira (que tan eficazmente defendeu o patrimonio artístico do seu home), á editorial Galaxia e ao obreiro das folgas do naval de Vigo e Ferrol. Adquiriu o torques

de Burela e outras xoias galaicas que hogano podemos ver no Museo de Lugo. Axudou tamén economicamente a varios escritores galegos e artistas que pasaban dificultades, como Carvalho Calero. Foi distinguido co Pedrón de Ouro, foi membro da RAG,... Como dicía Otero Pedrayo: "por innumerabeis vieiros maniféstase o espírito da Terra". Até sempre.



Non aos que fan da inxustiza unha bandeira

Non son palabras miñas, senón de Manuel María. Eu non o sabería dicir mellor. Non son nin quero ser español, porque rexeito o fascismo e o imperialismo. E eses son os alicerces deste Réxime do 78, as vosas vigas, as vosas columnas. E, aínda que traballei para el como funcionario de prisións, sempre resistín o fascismo, na medida das miñas posibilidades. Paseino mal e loitei en dúas fronteas: unha por mor da miña profesión e outra polas miñas conviccións. Arruinades Galiza

lingüística, cultural, política e economicamente e aínda tedes a cara dura (de cemento armado) de finxir e esixir normalidade. Vulnerades os nosos dereitos individuais e colectivos e aínda nos facedes quedar mal nos vosos medios de comunicación. As vosas liñas editoriais e a maioría das vosas columnas de opinión contaminan máis que a central nuclear de Chernóbil. Lede se queredes "El Retroceso", "La Religión", "La Coz de la Malicia", "El Falo de Vigo", "El borrego gallego",... pero

tede en conta que máis que informar, contaminan. E, aos que lles amole que algunha vez se lles cole algo en galego, sempre poden ler textos aínda máis radiactivos no: "EL PIS", "LA MONDA", "LA SINRAZÓN" e "EL AVE C". E as televisións e as radios fan o mesmo: mentir ou manipular vilmente. E síntoo pol@s periodistas que fan equilibrios ou que queren e non poden ou non lles deixan. Só son afortunad@s -talvez non economicamente- @s que traballan nos poucos diarios alternativos galegos como Nós Diario ou, só en dixital, Praza Pública e Galicia Confidencial, por poñer tres exemplos. E no que escribo estas liñas, Novas do Eixo Atántico, que é mensual. O

nacionalismo galego ten -coido que case sempre- a razón, o españolismo corrupto ten o diñeiro, a forza do Estado e case todos os medios de comunicación cos que intoxican as masas. A cousa está repartida. Até pronto.



Por Luís Redondo Gaona

De ben nados é ser agradecidos

Hai un par de semanas, o monarca Felipe VI presidía en Madrid a entrega anual de premios da Fundación Víctimas del Terrorismo nunha nova cerimonia pomposa de exaltación “patriótica” na que pouco (moi pouco) teñen que ver as vítimas empregadas como escusa, e bastante máis os complexos do nacionalismo español. Quixo destacar no seu discurso o Borbón, que o 2020 fora “un ano no que os documentais e as series de televisión baseadas en novelas de grande éxito” sobre ETA foron “protagonistas das nosas pantallas”, demostrando o que segundo el era “o interese dos españois por coñecer o verdadeiro relato da inxustiza que padeceron tantas persoas”.

A explotación audiovisual do conflito nacional vasco non é novidade, claro, mais acontece agora nun contexto de consumo masivo de servizos de streaming que permite unhas audiencias millonarias hai apenas uns anos impensables para esta clase de produto televisivo. Son ademais un tipo de produción ambiciosa, tralas que están xigantes internacionais do talle de HBO ou Amazon Prime, cos cartos e o “saber facer” necesarios para asegurar o éxito antes da estrea mesma. A conclusión do monarca non pode ser dende logo máis superficial e inxenua:

non temos maior interese no “relato” de Patria ca no do cinema de superheroes da Marvel, ou a recente Gambito de Dama. Hai dende logo unha dimensión “de abaixo cara arriba” –e mesmo un compoñente “azaroso”– para o éxito final dunha narrativa, mais moito menos determinante do que queremos pensar.

“Relato”. Interesante escolla de termo para o discurso. Na serie documental de Amazon Prime, “El desafío: ETA”, o coronel da GC Manuel Sánchez Corbí (autor á vez do libro no que esta se basea) acláranos cal é o único relato que vale: “Houbo uns malos que mataron durante 50 anos e uns bos que combatemos aos malos. Os malos foron moi malos e os bos cometemos algún erro, pero non é equiparable a maldade duns cos erros doutros”. Sánchez Corbí foi condenado en 1997 pola Audiencia de Bizkaia a catro anos de prisión e seis de inhabilitación pola sanguenta tortura a Kepa Urrea nun descampado antes de levalo ao cuartel. A condena xamais sería efectiva a instancias do Supremo e o posterior indulto do goberno de José María Aznar. O torturador –que se conta nos “bos”– era teniente cando torturou a Urrea, ascendeu a capitán durante o proceso xudicial, e unha vez indultado foi nomeado inmediatamente

comandante. Cousas do relato.

Olo con espanto as fotos do corpo queimado con electrodos de Iratxe Sorzabal. Hai apenas uns días, Francia rechazaba por primeira vez unha euroorde de España, ao non poder descartar que Sorzabal fora torturada para autoinculpase dun atentado. A noticia non abre telexornais, non interesa ao “verdadeiro relato”. Semella que si forma parte deste a serie Patria e o seu absurdo retrato do pobo vasco: unha muller abraza ao seu marido morto dun disparo na cabeza baixo a choiva, berrando desesperada por axuda sen que ningún veciño da vila asome sequera á fiestra. Non hai humanidade nas vilas vascas; tan só cómplices e cobardes dos “terroristas”, que someten a un illamento social absoluto ao home e á súa familia en canto aparece unha pintada anónima de ameaza. A ETA de Patria é unha sorte de camorra vasca que se dedica á extorsión arbitraria de pequenos empresarios honrados.

E se a ficción televisiva é realidade histórica, non é de extrañar logo que a realidade do presente sexa ficción: nada importa que non existan accións armadas contra os corpos policiais españois dende hai practicamente 10 anos, un garda civil cobra un plus de “perigosidade” duns 600€ só por estar destinado en territorio vasco. Arnaldo Otegi –probablemente unha das figuras máis funestas para a estratexia revolucionaria de liberación nacional vasca, e que máis contribuíu á disolución da derradeira ETA– é seica agora un “filoetarra”

dirixente dun partido que se nega a “condenar a violencia da banda armada”. O poder dunha narrativa.

20 de decembro, 47 anos da execución do infame Carrero Blanco polo “Comando Txikia” liderado por Argala. Facer unha brincadeira do asunto en Twitter é delito no estado español, “apoloxía do terrorismo”. O final do fascismo en Alemaña saldouse co axustizamento de xerarcas nazis por crimes de lesa humanidade. En Italia, Audisio e os partisanos comunistas déronlle xusta morte ao dictador Mussolini e así o entendeu o relato histórico italiano (Audisio será elixido deputado tralo remate da guerra, o seu camarada Pertini chegaría a presidente da República).

O 21 de decembro de 1978, oficiais do Exército e sicarios de ultradereita asasinan a Argala en vinganza polo atentado. Estamos en democracia e a policía ocupa a vila de Arrigorriaga para impedir que miles de persoas acudan ao funeral do heroe. A veciñanza, a modo de protesta, baleira as rúas e deixa á familia de Argala acompañar o féretro en privado. Ao cruzarse con tres oficiais da policía a compañía, estes non poden evitar cadrarse e realízanlle o saúdo militar ao cadeleito coa ikurriña. Morrerá un comunista que loitou ata a súa morte por unha Euskal Herria independente e socialista, mais á vez un dos verdadeiros pais da Transición.



O profesor José Paz doa sete bibliotecas á Deputación de Ourense

Manuel Baltar, presidente da Deputación de Ourense, recibiu ao mestre e profesor universitario José Paz, ao que expresou a máxima receptividade da institución á súa proposta de doazón das sete bibliotecas temáticas que o mestre ourensán foi creando desde principios da década dos anos sesenta do pasado século. Trátase de bibliotecas entre as que destaca unha colección con máis de 30.000 volumes referida ao premio nobel de literatura Rabindranath Tagore e que, segundo adiantou o presidente provincial, “sería o mellor punto de partida para a creación en Ourense dun Centro Tagore, integrando á pro-

vincia nunha elitista rede internacional de centros dedicados ao intelectual bengalí”.

Manuel Baltar cualificou a proposta de doazón das sete bibliotecas de José Paz como “unha oferta que Ourense non pode rexeitar, posto que contribuirá a consolidar o carácter da nosa provincia como territorio creativo e referente do turismo cultural”. Para o presidente da Deputación, “Paz é un dos grandes mestres da historia de Ourense, cunha importante traxectoria na India que fala da súa internacionalidade, pero ademais cun rigor, unha profesionalidade e un amor pola cultura, o coñecemento e os libros á que temos que ser sensibles, celebrando

o seu altruísmo, a súa xenerosidade e que pense en clave de Ourense”.

Ubicacións

En próximas semanas Manuel Baltar manterá unha nova reunión co mestre ourensán para estudar as posibles ubicacións das sete coleccións, “ben na cidade, nunha estratexia na que tamén podería entrar o Concello de Ourense, ou en distintos puntos da provincia cun lugar sinalado na súa localidade de nacemento, Corna, no Concello de Piñor.

As bibliotecas creadas por José Paz xiran en torno a temas como o cine e artes da imaxe; pedagóxica e profesional; a cultura galego-portuguesa e lusófona; actividades de tempo libre; arte



José Paz e Manuel Baltar.

popular; e unha monografía sobre Ourense e aspectos ourensáns.

Pero, sen dúbida, a colección máis importante é a dedicada ao intelectual bengalí Rabindranath Tagore, premio nobel de literatura en 1913 e primeiro oriental en recibir este recoñecemento. Unha biblioteca integrada por máis de 30.000 volumes e que segundo anunciou Manuel Baltar, permitiría

crear en Ourense un Centro Tagore, “convertendo á provincia nun punto de referencia obrigado para estudosos dunha figura destacada na historia da humanidade, integrando a Ourense nunha rede internacional na que están presentes cidades de todo o mundo como Londres, Edimburgo, Berlín, Venecia, Budapest, Toronto ou Sao Paulo, entre outras moitas”.

Especial Ribeira Sacra

Por Olegario Sotelo Blanco. Editor e escritor.

Ribeira Sacra idílica e habitable

Xa dicía Miguel de Unamuno: “La España pintoresca y legendaria sería mucho mejor conocida que lo es - por los españoles, se entiende- si tuviéramos mejores caminos y vías de comunicación o si fuésemos más entusiastas y menos comodones”. Penso que se en xeral puxéramos mais empeño en potenciar o noso, riqueza que nos deo a natureza, a Ribeira Sacra xa fai tempo que tiña que ter sido declarada Patrimonio da Humanidade.

Temos na fermosa vila de Castro Caldelas, cabeceira da comarca, un castelo dende o que se poden ollar os elementos que atesouran a riqueza da nosa ribeira: o encoro do Sil, río que divide as terras de Lugo e de Ourense formando os incomparables canós. A un lado quedan os viñedos que uns pataos aguantan terras ladeiras convertidas en arquitectura única. Ao outro lado, enormes soutos de castaños que non fai tanto tempo foron as castañas un produto interesante para a alimentación dos labregos que poboaban as aldeas. Ten a Ribeira Sacra un interesante patrimonio cultural nos mosteiros e, por suposto, no medio natural.

Acabo de facer a ruta dende Parada de Sil a Castro Caldelas por unha estrada chega de curvas que ten moito que mellorar. Serven de alívio os miradoiros dende os que se poden contemplar os canos de río Sil. Bueno, hoxe de río non ten nada de cando aquelas augas cristalinas producían troitas asalmoadas, peixes e anguías. Sábeno ben os maiores da Cubela que vivían de vender o que pescaban no seu río. Hoxe non hai pesca porque as

augas están paradas para alimentar un dos maiores encoros de Galicia. Augas do encoro serve de límite entre as provincias de Lugo e Ourense. Pola parte de Lugo os viñedos chegan ó ancoro porque para facer produtivas aquelas ladeiras construírons parais que aguantan as terras e as cepas que dan un dos mellores viños da Ribeira Sacra. Polo lado de Ourense, menos soleado, tamén hai viñedos pero a maior superficie cupana soutos de castiñeiros. Con castaños milenarios abandonados tanto que non se recollen as castañas que un día foron elemento importante na alimentación dos labregos da zona e tamén de moitas de aldeas da montaña que tiñan soutos na Ribeira.

Ora et labora

As terras da Ribeira Sacra forman parte dun espacio natural, que no estado en que se atopan moitas delas hoxe en día, provoca unha serie de reflexións que non están exentas senha actitude de crítica. Certo que nesta zona se asentaron o longo de séculos varias comunidades relixiosas que foron capaces de subsistir e que nos legaron un patrimonio cultural e artístico a través de igrexias ou de mosteiros dos que é necesario destacar o de Santo Estevo de Ribas de Sil, convertido parador nacional; o de San Pedro de Rocas, o de Santa María de Montederramo, o de San Paio, en ruína. Estas comunidades foron núcleos de vida relixiosa e cultural principalmente. Pois seguirán a máxima de Ora et labora. En efecto, ademais de atender os oficios relixiosos, os monxes que alí se asentaron deronnos unha sabía lección de cómo sacarlle

proveito a todos os recursos naturais destas terras. Cultivaron viñedos, cuidaron dos grandes soutos de castaños e debido o microclima da zona, nas súas hortas e leiras tiveron todo tipo de frutos o gando podía pacer nos verdes lameiros. Demostraron co traballo e coa oración que o ser humano e a natureza podían convivir en harmonía.

Hoxe, en pleno século XXI, sorpréndenos ver cómo aqueles monxes decidiron instalarse nesta comarca tan remota, que entón estaba completamente aillada. Non podemos esquecer que o mosteiro de San Pedro de Rocas, situado no Concello de Esgos, é o máis antigo de Galicia e os seus peixes remontase o ano 573. O de Santo Estevo e do século X pero os seus orixes datan dos séculos VI e VII. O de Santa María de Montederramo e do ano 1124. Cando os monxes abandonaron estas terras produxose unha crise na comarca. Pero inmediatamente as terras seguirían sendo cultivadas en réxime de minifundio que foi unha das señas de identidade do traballo na nosa terra.

A mediados de século XX atopámonos nesta zona coa mostra da actividades humana; esta vez apoiada pola técnica do momento. Construíronse os grandes encoros e toda a Ribeira Sacra adquiriu unha nova fisonomía, pero a construción de encoros, supuxo, todo hai que dicilo, o pago dunhas indemnizacións miserables. Qué cantidade de diñeiro pode compensar a perda definitiva das terras nas que subsistiron nelas tantas xeracións?. Mentras uns se enriquecían coa electricidade polo encoro que deixou baixo as augas terras e casas a moitos labregos só lle quedou emprender o camiño da emigración abandonando a súa aldea.

Certo que se están facendo cousas. Castro Caldelas cabeceira da comarca Caldelá co castelo como buque insinia, foi

declarada como un dos pobos máis bonitos de España. Parece que abrirán un museo de antropoloxía o lado do castelo. Hai moito que recuperar: aldeas, muiños, etc. porque as nosas aldeas tamén forman parte do Concello. O Castro está falto de instalacións que cubran necesidades de restauración e hostalería.

Temos un exemplo gratificante na vila de Parada de Sil no corazón da Ribeira Sacra. Modernizaron bares para convertilos en restaurantes con menús que son capaces de atraer clientela de toda a comarca.

Con toda a problemática a Ribeira Sacra é moito mais que unha paisaxe. Pois nela vivieron o longo da historia xeracións de galegos e galegas. Na actualidade este hábitat está en clara regresión e no chega en recupéralo só para o turismo, senón que é fundamental que as aldeas volten a recuperar vida. Para conseguilo é preciso voltar dalgunha maneira a forma tradicional de produción agrícola; vender os produtos naturais como sempre se fixo. Hai que potenciar as posibilidades turísticas da Ribeira Sacra, pero o mesmo tempo procurar que as aldeas da zona teñan vida que turismo non consista só en dar unha volta no catamarán e deixar que as nosas aldeas sigan formar parte da “Galicia Vaciada”.

A Ribeira Sacra é un dos enclaves únicos que por suposto debe ser declarado Patrimonio da Humanidade, o que debe obligar ós políticos da zona a cumprir unha serie de normas que non só os benefician a eles senon que sexa posible que as xentes da comarca poidan vivir nunha Galicia senón idílica sí habitable.



Por Aquilo Domínguez Díaz. Alcalde de Parada de Sil.

Dous elementos para o éxito

Na candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial xúntanse dous elementos que deben garantir o éxito da declaración final. Por un lado en poucos espazos se xunta un compendio tan interesante forxado ó longo da milleiros de anos de paisaxe, arte e eu creo que tamén é importante a xeoloxía que deu lugar a formación dun exemplo intrínseco á esta paisaxe que son os canons do Sil ou do Mao. E por outro lado hai un traballo conxunto de todas administración, Xunta de Galicia, Concellos e o meu entender unha institución que ten un papel clave que é o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, organismo no que as cores políticas quedan a marxe.

Dentro da Ribeira Sacra o concello de Parada de Sil do que teño a honra de ser alcalde é un pequeno compendio da Ribeira Sacra. Temos a viticultura heroica con bancas históricas e con adegas que transforman eses froitos que maduran ó paso do tempo en magníficos viños posicionados no mercado internacional Parada de Sil conta con magníficos bosques de castiñeiros centenarios e có castiñeiro singular de Entrambosríos. Soutos e viñas coidados ao longo da historia con mimo polos nosos veciños que permiten con ese coidado un mantemento da biodiversidade. Esta paisaxe, os visitantes poden disfrutala percorrendo as dúas rutas de sendeirismo homologadas o PR-G98 Canon do Sil-Sta. Cristina e o

PR-G127 Canon do Mao

Dentro da paisaxe temos elementos patrimoniais como cruceiros (Forcas, Parada e outros), petos de ánimas(Teimende, Vilar, Coutiño...)e o buque insignia, o Mosteiro románico de Sta. Cristina que recibe anualmente en torno a 40.000 visitantes e no que se celebran anualmente uns concertos de música de raíz, co nome de Ecos da Pedra dentro dun porograma chamado ALMA (Arte, Legado e Medioambiente) e a necrópole de San Vitor de Barxacova de entre os séculos IX-XI cun forno de fundición de campás musealizado in situ e con información en sete idiomas en códigos QR e antenas NFC . A Ponte medieval de Conceliñas sobre a que se intervirá a vindeiro ano .

Dende o concello fixéronse intervencións totalmente respectuosas có medio ambiente e que contribuíron de xeito no-

torio a posicionar-se como concello e a posicionar a Ribeira Sacra. Entre estas actuacións sinalaría a recuperación do que fora unha central hidroeléctrica,

A Fábrica da Luz convertido o que no 2009 nunha ruína en un albergue restaurante e centro de natureza a beira do Mao un río xoven cheo de vida. A veira da Fábrica da Luz fixemos a Pasarela do Mao que une ese río xoven cun río vello como é o Sil, pasarela hoxe convertida nunha icona da Ribeira Sacra con milleiros de visitantes que nun paseo de 900 metros poden ver dúas paisaxes totalmente diferentes e unha vexetación atlántica e mediterránea espectacular.



España selecciona a candidatura da Ribeira Sacra a reserva da biosfera

A candidatura a reserva da biosfera da Ribeira Sacra e serras do Oribio e Courel acaba de superar o último trámite para poder someterse o próximo ano ao ditame definitivo da Unesco. Así o anunciou en Chantada a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, pouco despois de que lle comunicaran que o Comité Español do Programa Home e Biosfera (MaB) acababa de darlle o visto bo por unanimidade ao expediente remitido pola Xunta hai un ano.

Deste xeito, tal e como explicou a responsable galega, a candidatura completa a súa tramitación en España e está lista para ser remitida á Unesco, que deberá pronunciarse en última instancia sobre a declaración definitiva o ano que vén. Ademais, resaltou que a Ribeira Sacra será o único espazo en todo o país que opte a converterse en reserva da biosfera en 2021, xa que, indicou, o resto das propostas non superaron o ditame do Comité, órgano consultivo responsable de avaliar as candidaturas e deliberar sobre cales merecen seguir a tramitación.

A decisión supón tamén un aval ao traballo liderado pola Xunta nos últimos dous anos para sacar adiante a mellor candidatura posible. A memoria técnica remitida a finais do ano pasado a Madrid foi froito dun longo e minucioso traballo no que participaron numerosas persoas, colectivos e institucións interesadas en acadar o desenvolvemento sostible dun territorio que alberga unha gran riqueza natural e cultural. De feito, o resultado foi un documento serio, rigoroso e froito dun gran consenso previo, como demostran os escritos emitidos por 41 entidades públicas para amosar o seu apoio formal á candidatura da Ribeira Sacra.

O próximo paso, como lembrou a conselleira, será trasladar o expediente completo á Secretaría Internacional do Programa MaB da Unesco, en París, que deberá pronunciarse en última instancia



A conselleira, no centro da foto, e o alcalde de Chantada á dereita.

sobre a solicitude e tomar a decisión definitiva no ano 2021.

Se a candidatura supera o filtro do consello de coordinación do programa, o territorio conformado pola Ribeira Sacra e as serras de Oribio e Courel converteranse na sétima reserva da biosfera de Galicia, un dos recoñecementos de carácter internacional máis importantes en relación coa conservación e o uso sustentable do patrimonio.

Territorio baixo protección

Coa súa incorporación, a extensión en Galicia coa catalogación de reserva da biosfera incrementaríase ata chegar ao 34% do territorio, e o 42% da superficie galega quedaría amparada baixo algunha figura de protección, de aí a importancia desta candidatura de cara a afianzar o recoñecemento internacional do patrimonio natural da comunidade.

Así mesmo, Ángeles Vázquez lembrou que este amplo territorio a cabalo entre as provincias de Lugo e Ourense está tamén un pouco máis cerca de obter un triplo recoñecemento por parte do organismo internacional.

A primavera pasada a Unesco declarou o Xeparque Montañas do Courel, converténdose deste

xeito no primeiro espazo natural deste tipo en Galicia; e ademais, a Consellería de Cultura traballa desde hai tempo na candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial.

A conselleira de Medio Ambiente explicou que o ano pasado o seu departamento promoveu o Plan de Acción Estratéxico de Ribeira Sacra co obxectivo de impulsar as dúas candidaturas deste

territorio ante a Unesco –a da Reserva da Biosfera e a de Patrimonio Mundial– e aumentar as súas posibilidades de obter estes recoñecementos.

O devandito plan contempla un paquete de 10 actuacións de carácter ambiental, de ordenación do medio físico e de rehabilitación patrimonial dotadas cun orzamento de 3,5 millóns de euros. Unha delas, precisamente, centrarase na parroquia de San Fiz de Asma, unha das paraxes de viñedos en bancais máis representativas da zona e que visitou a conselleira no Concello de Chantada.

Segundo anunciou Ángeles Vázquez, esta zona contará neste ano 2021 co seu propio Plan de Ordenación do Medio Físico (POMF), un documento de referencia para planificar as accións de protección, conservación e mellora sobre a contorna de San Fiz que acaba de iniciar a súa tramitación ambiental e que a Consellería terá que resolver en tres meses.



enonatur
enoloxía | natureza | turismo

Especial Ribeira Sacra

O Comité do Patrimonio Mundial decidirá en China sobre a candidatura de Ribeira Sacra

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, María del Carmen Martínez Insua, participou, o 20 de novembro, por videoconferencia na 87ª reunión do Consejo de Patrimonio Histórico na que se analizaron as candidaturas españolas, entre as que se inclúe a proposta de Galicia para a Ribeira Sacra, que serán avaliadas na próxima sesión do Comité do Patrimonio Mundial que se celebrará en China no verán de 2021.

Así, co obxectivo de que a paisaxe cultural da provincia de Lugo e Ourense sexa incluída na prestixiosa Lista do Patrimonio

Mundial durante a celebración da 44ª sesión estendida do Comité, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo un importante traballo técnico, impulsado pola da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para acreditar e defender os valores sobranceiros deste territorio.

Neste sentido, cómpre destacar que a candidatura da Ribeira Sacra está actualmente na súa última fase e nuns meses clave nos que a Xunta de Galicia, co fin de conseguir a declaración, está estreitando o contacto cos examinadores da UNESCO, que recentemente tiveron a oportunidade de trasladarse ata o terri-

torio para comprobar a súa importancia cultural, patrimonial e paisaxística.

Na sesión dereferencia, e na que tamén participou o embaixador de España ante a UNESCO, Juan Andrés Perelló, así como representantes de diferentes comunidades, tamén se confirmou que no vindeiro ano presentárase a candidatura conxunta de Portugal e Galicia Ponte...nas ondas! para a súa inclusión no Rexistro de Boas Prácticas de Salvagarda da UNESCO. Trátase dun proxecto no que a Comunidade galega e as rexións lusas de Minho, Trás-os-Montes e Douro e que está dirixido a poboación escolar e que está im-



Reunión do Consejo de Patrimonio Histórico o pasado novembro.

pulsado por unha asociación de profesores co obxectivo de promover a integración do patrimonio

cultural, dos coñecementos tradicionais e dos rituais festivos no ámbito escolar.

A Administración autonómica iniciou os traballos en 2015

A actuación da Administración autonómica para que o territorio da Ribeira Sacra se incorpore a Lista do Patrimonio Mundial iniciouse no ano 2015 e recibiu un importante impulso no ano 2018 coa declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de paisaxe cultural poñendo de manifesto o valor excepcional e sobranceiro desta zona de Ourense e Lugo. Inclúese neste recoñecemento outros bens e manifestacións que complementan o seu sentido e valor cultural, así como á zona de amortecemento como

medida de reforzo das condicións para a súa salvagarda.

Desde entón, o Goberno galego impulsou un intenso traballo que, na súa última fase, se materializou na constitución da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, un organismo no que participan sete consellerías e que permite continuar avanzando coas máximas garantías no desenvolvemento da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, co obxectivo de que o territorio obtéña este recoñecemento que en Galicia xa teñen a Cidade vella de Compostela, os Camiños de

Santiago, tanto Francés como os do Norte, a Muralla de Lugo e a Torre de Hércules.

Rehabilitación do Patrimonio

Ademais, nestes últimos anos a Xunta de Galicia mantivo un forte compromiso inversor reflectido nun plan específico para este territorio dotado con 34 millóns de euros co fin de reforzar a candidatura. En concreto, desde o punto de vista do patrimonio cultural, os investimentos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade entre 2017-2020 ascende a máis de 6 millóns de euros, o que inclúe as melloras en



Canón do río Sil.

diferentes bens de Lugo e Ourense. Proba disto é que este ano puxéronse en marcha unha ducia de actuacións que permitirán recuperar e rehabilitar elementos de elevado valor patrimonial como, por exemplo, as levadas a cabo no colexio do Cardeal, en Mon-

forte, nas igrexas de Santo Estevo de Ribas de Miño, de Santo Estevo de Atán, de San Xoán de Portomarín ou de San Xiao de Lobios, e nos mosteiros de Santa María de Ferreira, de Santo Estevo de Ribas de Sil e de Santa María de Xunqueira de Espadanedo.



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo

A Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra será ferramenta clave na coordinación de actuacións e investimentos

A Xunta de Galicia constituíu a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, unha ferramenta clave na coordinación de actuacións e investimentos que permite ao Goberno galego continuar avanzando coas máximas garantías no desenvolvemento da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, co obxectivo de que o territorio obteña este recoñecemento na 45ª sesión do Comité da UNESCO no ano 2021.

A nova comisión é un órgano de xestión transversal que reflicte o compromiso da Administración autonómica cos concellos da provincia de Lugo e Ourense que forman a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Concretamente, están implicadas nesta comisión sete consellerías que, no seu conxunto, están investindo 34 millóns de euros neste territorio a través

dun plan específico. Así, participan neste órgano a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación; así como as consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Infraestruturas e Mobilidade; Cultura, Educación e Universidade e Medio Rural. Así mesmo, tamén están convidados a participar nesta ferramenta de xestión outros organismos e entidades locais presentes no territorio como concellos, consorcios, deputacións, asociacións e bispados, entre outros.

Paisaxe cultural

A finalidade deste novo órgano, cuxa creación foi aprobada no Consello da Xunta, é coordinar a aplicación de políticas e accións integradas que redunden na mellora das condicións de apreciación

e difusión dos valores da paisaxe cultural, facilitando a participación activa da sociedade e procurando o benestar das comunidades locais, especialmente das rurais, creadoras da paisaxe e garantes da súa conservación. A comisión, que suporá un antes e un despois para este territorio, presentará as iniciativas dos diferentes organismos e entidades representativas para unha xestión eficaz con garantías tendente á conservación dos seus valores como paisaxe cultural; fixará as estratexias, plans, políticas e accións da Xunta, e dará a coñecer os seus resultados; coordinará e fomentará as accións da Xunta, sen prexuízo do exercicio das competencias propias de cada departamento, e apoiará e impulsará as liñas de acción para a protección, conservación, investigación e difusión dos valores da paisaxe



A Comisión constituíuse o Día Internacional do Patrimonio Mundial, 16 de novembro.

cultural da Ribeira Sacra.

Así mesmo, tamén serán funcións do devandito órgano habilitar as medidas necesarias para desenvolver e aplicar a normativa vixente en relación á Ribeira Sacra; elaborar propostas vinculadas coa situación e potencialidades da Ribeira Sacra como pai-

saxe cultural; realizar unha avaliación periódica da situación desta; e acometer calquera outra competencia e función relacionada co seu ámbito de actuación, así como as que lle encomende o Consello da Xunta e as que lle deleguen os órganos con competencia na materia.

O PARAÍSO
é unha
lenda

SOBER,
unha
realidade

VISÍTANOS

Síguenos en:



RIBEIRA SACRA

CANDIDATA A
PATRIMONIO DA
HUMANIDADE



Concello de Sober
Municipio de Interese Turístico

Especial Ribeira Sacra

Itinerario Cultural Vía Appia en Doade

Por Antonio Rodríguez Álvarez

A feligresía de Doade-Amandi, demarcación territorial eclesiástica que ó longo dos séculos mantivo una identidade socio-económica importante, significou un espazo no singular Canon do Sil cunha impronta que hoxe chega ós nosos tempos.

Cuna da actual denominación de orixe Ribeira Sacra –“cunabula ripae sacratae”, que está a medrar de forma sostible no mundo da enoloxía e do turismo. Por Doade pasan en torno a 30.000 visitantes/ano, segundo datos extraídos das relacións de viaxeiros que transitan polos mares interiores de Galicia.

É por iso que, os axentes privados e Asociacións de Doade (Asociación de Empresarios, Asociación Cultural Amigos da Cantina de Doade, Asociación de Veciños San Mauro, etc.), conscentes deste potencial económico, realizan actuacións conxuntas e coordinadas para unha posta en valor deste anaco da Ribeira Sacra.

Actuacións que están vinculadas entre si para conquistar uns fins incardinados e coherentes dentro dunha serie de actuacións previamente analizadas, programadas e planificadas, onde cada elemento teña relación cos que lle rodean.

Con este novo proxecto cultural, impulsado pola Asociación Amigos da Cantina de Doade coa colaboración de Adegas Regina Viarum, recreamos unha etapa histórica -a época da conquista romana-dun pobo do interior de Galicia, donde a dominación dos soldados procedentes do Lazio tivo e ten moita importancia no



“O carreteiro” en Souto Chao, escultura do pontevedrés Manolo Rial.

que é a base económica desta comunidade: as bancas de Doade e Amandi. A recreación consiste, basicamente, en poñer en valor diversas riquezas tanxibles existentes, referencia desta época, como son casas de oficios da etapa romana, praza pública -ágora- simulando un anfiteatro romano en donde unha escultura alegórica a viticultura heroica preside este espazo lúdico.

A actuación está próxima a una antiga calzada romana -actualmente denominada Vía Luci (Camiño de Lugo) por algún veciño, e Vía Apia por outros. Non está documentada salvo o ponte do Sil ou Ponte de Paradela polo que atravesaba, de gran importancia na idade media, hoxe baixo as augas do embalse de Santo Estevo do que falaba o Licenciado Molina no ano 1.550. O itinerario da Vía Apia discorre entre as abas da Ribeira Sacra desde Castro Caldelas a Lucus Augusti (unía, por tanto, a Vía Nova -Vía VIII- do itinerario Antonino

con Lugo, por esta zona).

Precisamente, esta actuación parte da carretera LU-903 ata chegar a un mirador dende o que se divisan os bancas de Doade e a vía romana que os atravesa, gozando de maravillosas vistas como o Spatium Interpretationis Rivoira Sacrata no lugar de Soutochao (actuación turística importante como un mirador natural ó que se lle agregaron paneis informativos o longo dun traxecto a pé e tamén conta cunha grande escultura obra do artista Manuel Rial, de 5000 qg en pedra, unha homeaxe ó carreteiro).

Esta actuación tamén serve como punto de encontro para visitar as importantes adegas existentes no seu entorno. Adegas que actualmente están apostando pola nova enoloxía, que compiten nos mercados internacionais gañando os primeiros premios, que reciben visitas de grupos organizados e particulares, que están na vanguardia da tecnoloxía e que que venden os seus produtos no só de forma tradicional, senon tamén vía online.

En resumo, todas as actuacións que se están a levar na zona de Doade están imbricadas entre si para conquistar un todo coherente, conforme a un plan previamente establecido e que ten una soa finalidade: Converter a zona en un referente turístico baseado na idea de zona con fortes atractivos romanos (bancas, viticultura heroica, praza pública romana -tipo anfiteatro-, esculturas evocando a idea de Roma, casas de oficios de época, recreación dun itinerario ou vía romana, etc).

Turismo e gastronomía de calidade

Por José Tomé Roca,
Alcalde de Monforte.

Creo que a Ribeira Sacra reúne unha serie de elementos que a conforman como única, e polo tanto, coma candidata idónea para acadar a consecución de Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO.

En primeiro lugar, a súa paisaxe incomparable, determinada polos concas dos ríos Sil e Miño, e na que os viñedos, as rutas de sendeirismo, os paseos fluviais son unha peza clave.

En segundo lugar, a arquitectura románica, que aúna arte, relixiosidade e tradición, e que lle outorga ese carácter sacro. Neste senso, cabe recordar que a Asociación de Ruta Transrománica, itinerario cultural que promove o Consejo de Europa, acaba de incluír na súa rede ó románico da Ribeira Sacra, sendo o terceiro proxecto desta índole que se acepta en España, promovido pola Deputación de Lugo.

Outro dos factores clave para esta candidatura, é a importancia que ten o viño, protagonista na historia da Ribeira Sacra dende fai séculos. Pero ademais temos que destacar a importancia da chamada “viticultura heroica”, determinada



polas excepcionais condicións do terreo no que se ubican as cepas, e que fan que o traballo de viticultores e adegoiros desafié á vertice en pendentes extremas.

O viño, que conta cunha Denominación de Orixe específica para a Ribeira Sacra, forma parte dunha ampla oferta gastronómica, na que os produtos da terra de primeira calidade son os auténticos protagonistas.

E finalmente, o turismo de calidade, que integra todos os elementos anteriores e que ano a ano aumenta en canto a número de visitantes, tamén creo que é un factor definitorio da Ribeira Sacra, e penso que pode contribuír a decantar esta candidatura a Patrimonio Mundial, que estou convencido que se vai producir en 2021.

Paisaxe cultural

Por Luís Fernández Guitián,
Alcalde de Sober

Ribeira Sacra merece ser Patrimonio da Humanidade porque reúne uns valores excepcionais paisaxísticos, culturais, patrimoniais e naturais que fan que sexa un territorio único no mundo e ao mesmo tempo conta cunha veciñanza que durante séculos man-

tivo a estrutura do territorio cunha virxinidade que fai que continúe tal e como foi formado pola propia natureza. A Ribeira Sacra é sen dúbida ningunha das zonas do mundo que mellor reúne os requisitos para ser declarada Patrimonio Mundial e máis tendo en conta a categoría na que se presenta, que é unha paisaxe cultural.



Os aneis dos bispos de Santo Estevo

Por Manuel Fernández Quevedo.
Presidente Asociación Galicia en Asturias

Son moitas e moi variadas as poderosas razóns para que Ribeira Sacra sexa Patrimonio da Humanidade. Desde a miña humilde opinión vou tratar de expor algunhas delas.

Polo seu patrimonio cultural, histórico e natural; pola súa frondosa paisaxe bañada polos seus viñedos asomándose a ambos os dous lados do río Sil das provincias de Ourense e Lugo, esa marabilla chamada os Canóns do Sil. Tamén pola súa enorme riqueza de arte románico, lugar onde hai moitos séculos asentáronse numerosos monxes neses mosteiros e conventos, de aí o seu nome de Ribeira Sacra. Polos seus espectaculares vistas nas que podemos contemplar unha paisaxe natural dunha inmensa beleza viaxando por estrada e deténdonos neses miradoiros e balcóns, ou ben gozando dunha fermosa viaxe en catamarán.

Ademais de toda a beleza que se desprende de ambas as provincias

que conforman a Ribeira Sacra, o pequeno Escorial de Monforte de Lemos, Convento das Bernardas en Ferreira de Pantón situados na zona de Lugo, así como San Pedro de Rocas, Santa Cristina, Santa María en Montederramo, Castelo de Castro Caldelas na zona de Ourense e non podo nin debo de esquecerme do Parador máis bonito de España, refírome ao da miña terra: o de Santo Estevo, anteriormente mosteiro e que de novo estamos de actualidade debido á excelente noticia da aparición dos catro aneis pertencentes a catro dos nove bispos alí enterrados. Non podo deixar de lembrar o libro da nosa paisana María Oruña de “El Bosque de los cuatro vientos” a quen quero felicitar, non só por ser un libro sumamente entretido que engancha ao lector, senón tamén por ser unha premonición en relación aos aneis. Oxalá os estudos dígnanos que corresponden a aquela época e que sirva para dar co resto dos aínda desaparecidos e, os que parece ser tiñan un extraordinario poder curativo.



Podo dar fe de que todo o expresado entre outras moitas razóns como a gastronomía son motivos suficientes de que a Ribeira Sacra posúe os méritos suficientes para ser Patrimonio Mundial da Humanidade. Dígoos non só pola paixón que me move, de ser desa aldea de Loureiro do Concello de Nogueira de Ramuín, que tamén, pero confirmo que son moitos os asturianos, lugar onde resido e que quedaron tremendamente prendados desa zona, e dino precisamente xente que pertencen a unha terra da que ninguén dubida da súa beleza e paisaxes.

Espazo moi singular

Antonio Rodríguez Álvarez. *Corpo Superior da Admón Autónoma.*

Trátase dun espazo xeográfico moi singular con características propias que a definen e que debe de ser conservado, valorado e conocido por todos os cidadáns do mundo. Tanto as súas características físicas como a humanización das súas abas polos lugareños ao longo de

tanto siglos fixeron deste anaco de Galicia un lugar senlleiro, diferente en donde a globalización e a homoxeneización xeral das sociedades aínda queda lonxe. Perviven as costumes, o *modus vivendi* dos seus habitantes e a unión entre home e terra, unha vinculación e unión experiencial que coa declaración de Patrimonio Mundial se reafirmará no tempo porque os ac-



tores públicos e privados se volcarán na súa conservación fronte as mudanzas actuais.

Paraíso galego do interior

Por Sara Inés Vega Núñez.
Alcaldesa de Castro Caldelas.

Creo que Ribeira Sacra debe ser Patrimonio da Humanidade pola singularidade do seu territorio con dúas provincias divididas polo Canón do Sil como columna vertebral que une as dúas beiras. Pola súa paisaxe (Canóns, cultivo da vide en bancais, bosques centenarios, miradoiros, augas ter-

mais,...) e polo patrimonio cultural que alberga (Castelos, mosteiros, igrexas, románico, festas singulares como Os Fachós, As Bandeiriñas e o Irrio Peliqueiro,...). E a todo este patrimonio hai que engadir as súas xentes que souberon manter as tradicións tanto orais como as celebradas na actualidade. Xentes cun marcado carácter de amor a terra e o pobo que fan que a Ri-



beira Sacra sexa o paraíso galego do interior.

Terra de ensoño



Parador de Santo Estevo no Concello de Nogueira de Ramuín.

Por Josefina González

Na revista xeral da Ribeira Sacra de xaneiro de 2077 publicouse unha reportaxe adicada ao traballo emprendido pola arquitecta coruñesa afincada no concello lucense de Pantón. Isabel Aguirre, presidenta da Irmandade Ribeira Sacra, revaloriza a realidade artística e cultural da paisaxe da Ribeira Sacra, transformando o miradoiro Cotarro I, seguindo un deseño escultórico e fotográfico que permitirá ter unha visión dimensional do Cañón do Sil. Idea xenial acollida polos amantes da natureza con grande expectación, pola importancia expansiva da nosa riqueza en todos os ámbitos. Isabel Aguirre escolle unha das perspectivas máis fermosas da Ribeira Sacra que poderemos contemplar no Centro Galego de Arte Contemporáneo.

Na andadura á beira do río Sil augas abaixo na súa marxe dereita no alto do Cañón escarpado, atópase o Santuario de Cadeiras ubicado no Concello de Sober. En fronte do miradoiro e na marxe esquerda do río elévanse os flancos rochosos da frondosa vexetación abrigueira do mosteiro, agora parador nacional, de Santo Estevo de Ribas de Sil, un dos piares históricos máis relevantes da terra sacra. Fóra dos seus muros pétreos, os camiños derivan baixo a sombra das árbores polas que trepa a hedra en todas as direccións da brúxula dos ventos, que traen as sementes, a políromía e os olores do verde galaico. No seu interior namora o silencio das súas pedras, e seducen as horas de serenidade tanxible que invitan á placidez do sosego cando esmorece a clareira das derradeiras luces do serán.

Neste escenario de luxo, no “salón dos abades” inauguráronse en 2007 as Xornadas gastronómicas da “Cociña do Entroido” adicadas a degustar grande variedade de viandas coa calidade enxebre do grelo, as manciñas de porco celta, a androia con berza, o crocante de chourizo afumado, e as deliciosas larpeiradas do entroido (filloas, torradas e ourellas) entre outras, coa presenza dos nosos viños.

Prendarse desta terra é doado. Eu quéroa desde a primeira luz ata o fusco, desde que sae o sol ata cando o manto branco das brétemas xurde axiña, desde que a noite durme a pel ata o amencer cando se abren os poros, renóvase o aire e espertan os soños, porque ésta é unha terra de ensoño.

A exposición itinerante “O Fin do Camiño” foi presentada en Monforte

Foi inaugurada na Casa da Cultura do Concello de Monforte de Lemos (Lugo) a mostra itinerante “O Fin do Camiño”, organizada polo Colectivo Egeria, e que conta co patrocinio da Xunta de Galicia a través do programa “O teu Xacobeo”.

Continúa así a edición 2020-2021 deste proxecto, que en 2019 recorreu todos os concellos do Camiño Francés en Galicia, e que este ano seguirá percorrendo os concellos dos Camiños Primitivo, Norte, de Inverno e Vía Kunig, ao seu paso pola provincia de Lugo.

Os textos da exposición están redactados en galego, castelán e inglés para xeral comprensión, xa que está dirixida especialmente aos peregrinos, e así a súa programación inclúe numerosos puntos dos Camiños de Santiago, comezando polos fitos do Camiño Francés en Galicia.

As fotografías son dos fotógrafos galegos Eduardo Ochoa e Carlos Puga quee reflicten especiais visións dos Camiños a Compostela, arredándose das visións turísticas e centrándose nos aspectos humanos e monumentais,



María Doutón e Xullo Ramil.

dos que se destacan os detalles máis sobranceiros.

Os textos abordan o tema de O Fin do Camiño como expresión dos sentimentos que moven ao peregrino para emprender este Camiño milenar, tendo capítulos especiais para o motor da fe, os máis de mil anos dos camiños, o percorrido cara a unha terra de brumas e de luz. Exprésase a procedencia dos peregrinos de lonxanas terras, polos camiños todos que levan a Compostela... destacando aspectos comoque Europa se mira en Compostela, a peregrinación en multitude ou en so-

dade, os peregrinos singulares ou anónimos, o millón de pasos que constitúe o Camiño Francés, a cadea de fervores que o Camiño supón, para chegar á Capital de Occidente, visitar a tumba do apóstolo, completar un camiño interior reflexo do exterior percorrido, e emprender o Camiño de volta.

Cada panel conta con brevísimas glosas do Camiño de Urbano Lúgrís, Dante ou Frei Luís de León; Filgueira ou Pensado; Tirso, Machado, Fraguas, Pondal, Cunqueiro, Torrente, Cervantes, Celso Emilio ou Manuel Rodríguez López.

Clausurada en Mondoñedo a mostra "Don Ricardo de Fingoi"

A exposición "Don Ricardo de Fingoi" foi clausurada na Casa Museo Álvaro Cunqueiro, de Mondoñedo, coa asistencia do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias; o escritor Xulio Xiz, en representación do colectivo organizador Egeria; a deputada autonómica Elena Candia, e o alcalde do Concello de Mondoñedo, Manuel Otero, así como de outros membros da corporación.

No acto participaron os netos do homenaxeado, Faustino e

Margarita Cela Carballo-Calero, acompañados das súas familias, o especialista en Ricardo Carvalho Calero e amigo da familia Bernardo Penabade, e o Presidente da Asociación do Camiño Norte, José Luís Fernández Ansedes.

A exposición reflicte a través de 13 paneis a traxectoria de Carvalho Calero no Colexio Fingoi de Lugo entre 1950 e 1965. A mesma forma parte do proxecto do mesmo título que comprende a web www.carballocaleroenlugo.org.

Monforte programou actividade teatral para o trimestre

O teatro será protagonista da actividade cultural deseñada pola concellería de Cultura de Monforte para o ano 2021. No primeiro semestre deste ano os monfortinos terán a oportunidade de asistir a cinco representacións de compañías profesionais dirixidas ó público adulto e representaranse entre os meses de xaneiro e abril. A participación do Concello na programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios permitirá que se acheguen a Monforte as seguintes compañías e obras:

Programación para público adulto: O mozo da última fila de Redrum Teatro, o xoves 28 de xaneiro. O mel non caduca de Ibuprofeno Teatro, o xoves 25 de febreiro. Macbeth. O ruído e a furia de Estudo Momento, o xoves 11 de marzo. Feminísimas da Compañía De Ste Xeito Prod., o xoves 25 de marzo. A lingua das bolboretas da Compañía Sarabela Teatro, o xoves 22 de abril.

Todas as representacións da rede de Teatros e Auditorios levaranse a cabo no Edificio Multiusos ás 20:15 h. O prezo da entrada xeral será de cinco euros e de tres euros para estudantes,



desempregados e xubilados, e a súa venda realizarase dende ás 19:15 horas.

O alcalde, José Tomé Roca, “anima ós monfortinos e monfortinas a que acudan a disfrutar desta programación de teatro do Concello de Monforte para o primeiro semestre deste ano, e que o fagan coa seguridade de que se atoparán coas medidas necesarias para garantir a súa seguridade ante a Covid-19, tal e como viñemos facendo no último trimestre do ano pasado”.

Libro documental sobre un grupo de gaiteras de Ribadeo

A Xunta de Galicia comezará en breve a edición dun libro documental de Saudade, o primeiro grupo de gaiteras de Galicia, de España e posiblemente de Europa, nado en Ribadeo en 1961. Celebrouse a presentación deste ambicioso e interesante proxecto cultural, da man da que será a súa principal impulsora, a comunicadora audiovisual María Acuña, filla dunha das integrantes, acompañada de María José Gómez, en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Lugo, e do deputado no Parlamento, Dani Vega. Xunto a eles estivo o profesor e investigador do Centro Ramón Piñeiro

para a Investigación en Humanidades, Armando Requeixo, ademais de varias das integrantes do colectivo formado na década dos anos sesenta do século pasado.

Esta nova iniciativa cultural e histórica comezará en breve a súa preparación, grazas ao respaldo da Xunta de Galicia. Os promotores do proxecto chamaron a atención sobre “a importancia que tivo este colectivo nunha época de efervescencia social e política, e en concreto para a reivindicación do papel das mulleres na ámbito da música”.

No transcurso da presentación a escritora María Acuña destacou

que “o que pretendemos con este proxecto é recuperar e poñer en valor a historia deste colectivo, e para iso tanto no libro como no documental audiovisual tomarán parte as mulleres que formaron parte del para achegar a historia do grupo Saudade con testemuñas de primeira man. De feito, serán parte moi activa do proxecto”. Será, en definitiva, un traballo exhaustivo e amplo, no que participarán persoas da época que poderán explicar que supuxo para a sociedade ribadense e, en certo modo, para a galega este grupo pioneiro, integrado unicamente por mulleres, así como os movementos que foron emerxendo nese momento.

O obradoiro “Caldelas V” traballou na Teixeira, Montederramo e O Castro

O obradoiro de emprego “Caldelas V” clausurouse no Concello de Castro Caldelas, co acto de entrega de diplomas aos 20 alumnos que participaron no proxecto, no que a Consellería de Emprego e Igualdade investiu máis de 475.000 euros. Gabiél Alén, delegado da Xunta destacou “a colaboración institucional da Xunta coas entidades locais para intentar que estes obradoiros teñan continuidade na creación de postos de traballo nun futuro”, e anunciou que a Xunta de Galicia aprobou na recente convocatoria de obradoiros a concesión dun novo proxecto, ‘Caldelas VI’, no que a Consellería de Emprego e Igualdade investirá case 347.000 euros. Lembrou que os alumnos reciben os seus certificados de profesionalidade, que

teñen validez en todo o territorio nacional, expedidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia. Estes documentos demostran a preparación e habilidades adquiridas, o que vai “incrementar moi significativamente a empregabilidade do alumnado”, e expuxo as vantaxes que supoñen os obradoiros de emprego como é a súa contribución a fixar poboación no rural. Neste senso, lembrou que para o Goberno galego o rural é unha prioridade. Tamén destacou que os obradoiros, ademais de ofrecer unha formación de calidade e un acceso a un emprego cun contrato, fomentan a colaboración institucional. “A formación é a chave que pode abrir oportunidades de cara ao futuro no eido laboral”, indicou, ao tempo que asegurou que “ninguén coñece

mellor que os concellos as demandas e necesidades dos cidadáns, as obras e servizos máis necesarios e as oportunidades de emprego de cada zona”.

Durante 2020 os alumnos-traballadores desenvolveron as súas tarefas nos módulos de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas e fábricas de albanelería. Deste xeito, no Concello de Castro Caldelas executaron entre outras, as obras de construción dunha balsa para aprovisionamento de auga para uso de extinción de incendios no monte veciñal en man común da Matanza, na Serra de San Martiño, e traballos de repoboación forestal e tratamentos silvícolas en varios lugares como Tapadas Novas, Fonteiriña e Portela. No Concello da Teixeira executaron a construción de dúas



Alumnos e alcaldes no castelo de Castro Caldelas.

balsas de almacenamento de auga para o seu uso na extinción de incendios en Cascalla, parroquia de Celeiros, e en Cimadevila, parroquia de Lumeares. Así mesmo, acometeron tarefas de repoboación forestal e tratamentos silvícolas en Monte Pedreira e en Monte Pedra do Sol. No Concello de Montederramo, erixiron unha balsa de almacenamento de auga para o seu uso contra o lume no alto do Valisco e realizaron traballos de repoboación forestal e trata-

mentos silvícolas no monte comunal Serra de San Mamede.

Na clausura participaron a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega e os alcaldes de Montederramo e A Teixeira, Antonio Rodríguez e Miguel Antonio Cid. Alén subliñou que a formación que se imparte nos concellos está adaptada aos perfís máis demandados das empresas da contorna polo que algúns alumnos atopan emprego incluso antes de rematar a súa formación.

Castro Caldelas reformará o centro de saúde

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabiél Alén, dentro súa rolda de encontros institucionais trala toma de posesión como novo representante da administración autonómica na área territorial, desprazouse a Castro Caldelas para manter unha reunión coa súa alcaldesa, Sara Inés Vega. O representante do Goberno galego analizou coa rexedora as principais demandas do municipio en relación á administración autonómica. En concreto abordaron a reforma do



Gabiél Alén e Sara Inés Vega, no Concello caldelao.

centro de saúde, na que xa están a traballar os técnicos coa intención de que o próximo ano se poida executar. Asemade trata-

ron asuntos de índole económico como a creación de solo industrial, e temas relacionados con infraestruturas rurais.

Autovía A-56 entre Ourense e Lugo

Os deputados populares no Congreso pola provincia de Ourense, Ana Vázquez e Celso Delgado, e pola de Lugo, Jaime de Olano e Joaquín García, veñen de presentar un conxunto de preguntas ao Goberno no marco dunha ofensiva parlamentaria coa que van reivindicar a tan necesaria autovía A-56 (Ourense-Lugo), asu-

mino as fundadas demandas dos alcaldes dos concellos ourensáns e lucenses afectados, así como tamén dos colectivos sociais e empresariais que integran a plataforma da A-56. A autovía entre Ourense e Lugo está proxectada como un eixo vertebrador do interior de Galicia, sendo planificada como unha vía de nova construción

que parte da autovía Lugo-Santiago en Guntín e chegaría ata a autovía A-52 en Ourense.

Celso Delgado afirmou que “estamos diante dunha infraestrutura que non sómente debe unir dúas capitais de provincia senón que sería o gran eixo vertebrador da Galicia interior que uniría Portugal co norte de Galicia, de España e de Europa”

Expourense celebrará Xantar en novembro

Xantar ratifica a súa internacionalidade por oitavo ano consecutivo tal e como indica o calendario de “Feiras Comerciais Internacionais de 2021” publicado pola Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Goberno de España no Boletín Oficial do Estado do martes 22 de decembro de 2020. Isto posicónaa como unha das cinco citas internacionais de turismo (xunto a Fitur, Intur, B-TRAVEL e Termatalia) e a única especializada no produto turístico- enogastronómico.

Xantar celebrará a súa 22ª edición en Expourense entre o 3 e o 7 de novembro de 2021, o que servirá para promocionar as festas e os produtos gastronómicos vinculados a esta época e permitirá ás empresas e destinos presentar a súa campaña turística de fronte ao ano 2022 no que continuará o Ano Santo Xacobeo.

Expourense seguirá apostando



Caseta en Xantar do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

pola promoción internacional dos destinos enogastronómicos de España, Portugal e América Latina e estará apoiada en ferramentas dixitais para amplificar a repercusión e seguimento internacional do salón. Ademais, a ampliación no dobre da súa superficie do vestíbulo principal de Expourense, permitirá a creación dunha ampla aula gastronómica profesional, totalmente separada do recinto de exposición.

Opinión

Por Nemésio Barxa

Renda contas, Sr. Feijoo

Segundo noticias de prensa no Parlamento galego constituíse ou vai-se constituir a Comisión na que se trate a lamentábel e dramática desfeita das Caixas de Aforros galegas. Em duas ocasións anteriores os debates fecharen en falso e sem responsabilidades com os votos maioritários do PP. Por vieiros colaterais o escándalo das Caixas chegou aos xulgados e uma recente resolución judicial libera de responsabilidade a Caixanova, prejudicada na fusão propiciada polo Sr. Feijoo, dando pé a reabertura do estudo parlamentar das circunstancias nas que a hecatombe se produziu.

Para a comparecencia, que estimo é indeclinábel, do Sr. Feijoo gostaria que explicara como, incluíndo seu programa nas eleccións do 1.999 (nas que obteve maioría absoluta) a promesa duma reforma legal que reforça-se a independencia e compromiso social das Caixas de aforros, apuntando que as decisións sobre posibles fusións deberían ficar condicionadas por criterios técnicos e profesionais, decididos por órganos de goberno independentes, isso dizia, numa reunión meio misteriosa do Goberno saído das eleccións mencionadas, o 30.12.09 autorizou o pago de 1.03 millóns € á consultora KPMG correspondente a um diagnóstico preliminar que estaba realizando sobre a viabilidade da fusão das Caixas de aforros galegas, desertando da sua promesa programática e abandonando assim o projeto

de Fraga que no 1.993 falava da possibilidade de crear um grande banco público galego; no mesmo Consello derrogou o plano de normalización da lingua galega aprobado na época de Fraga. O fillo non matava ao pai, matava a Galiza

Os tempos e as opinións previos á fusão non foron pacíficos. Por determinación súa, Caixa Nova e Caixa Galicia encargáronse cada un informes a entidades independentes sobre a viabilidade da fusão sendo positivo o de Caixa Galicia e negativo o de Caixanova; houve tamén un estudo da Consellería de Fazenda, ambíguo. Caixa Nova e practicamente todo o poder financeiro a ela ligado por territorio, por negocios ou por relación clientela, assim como os estudos de viabilidade, sabe Sr. Feijoo que foron contrarios á fusão. Vigo manifestou-se. Mas Vd., Sr. Feijoo, soube manobrar: principiaron as sospeitosas deserções no campo de Caixanova, como o Presidente da Cámara de Comercio de Vigo, Sr. Garcia Costas e o da CEP Sr. Alvarinho, o veto a Caixa Nova para tomar suas propias decisións, concesións ou recompensas aos seus directivos; e a mantra na existencia do informe de KPMG, pagado pola Xunta, sobre auditoria e viabilidade da fusão, que Vd. e sua Conselleira de Economía qualificavam como a auditoria pautada pola Xunta com

as Caixas para despejar qualquer dúvida sobre a solvencia da fusão, Chegando em 20.01.10 a apresentar a Xunta um resumo do que, seguiu, era a auditoria externa encargada pola Xunta a KPMG “que avala a solvencia da fusão”. Ninguém viu o informe original, só resumos ou interpretações. Foi um ano escasso de presões, chamadas á emotividade da terra, “solvencia e galegidade”, mas esquecendo que Caixa Galicia rosava a insolvencia e



que Caixanova tinha graves problemas, ainda que salváveis. Deve explicar.

Até, Sr. Feijoo, que em março do 2.010 conseguiu dobrar a vontade de Caixanova e no verão chegou o grande dia e na sua residência oficial, com sorrisos e parafernália de pena histórica e salvador da pátria, anunciou-se a tanto ansiada fusão que se consumaria em novembro. O final o conhecemos. A fusão das Caixas de Aforros galegas deveu ser a única que rematou com seus protagonistas em prisão, ainda que principalmente os directivos da Caixa do sur, mas com retiros e indemnizações

astronómicas e com o espólio do sistema financeiro galego. Algo que dizer Sr. Feijoo?

Sr. Feijoo, sejam sérios, apadrinhou e forçou a mal parada fusão. Impediu durante anos a investigación parlamentar sobre o sucedido negando documentos, incluído o informe de KPMG, que agora o TSXG obriga-o a entregar; informe que resulta que non é uma auditoria e muito menos um aval á fusão. Conhecía inicialmente que Caixa Galicia era um fardo que só levaria ao afundimento da Caixa Nova, com forças mermadas; e ainda assim forçou a fusão e logo pretendeu ocultar durante anos a realidade do informe de KPMG que non aconselhava a fusão.

A veces a verdade sabe-se e floresce. A Audiência Nacional, Sá do Penal, no seu Auto de 01.10.20 manifesta que “a única razão pola que o FROB entrevistou foi pola situación económico-financeira na que se topava em 2010 Caixa Galicia antes de que se produzia a fusão” e que “Caixanova nunca haveria sido entrevistada se non se houvesse visto obrigada a fusionar-se com Caixa Galicia”. O engendo, Novagalicia, nem era solvente nem era galega, era só o malogrado invento financeiro de um arrogante Feijoo.

Reconheça, explique, desculpe-se ou saia por pernas como fizo seu eleito último diretor de NGB José M^a Castellano. O triste é que falseará dados, que non dará explicacións críveis e que nem sentirá remorso.



Confederación Miño-Sil investiu case tres millóns € en melloras hidráulicas

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, investiu 2.832.800€ en actuacións de conservación do Dominio Público Hidráulico nas provincias de Lugo, Ourense, Pontevedra, Zamora e León, ao longo de 2020.

Son máis de 316 quilómetros de leitos da Demarcación Miño-Sil, o que supón un incremento do 56% en relación ao 2019, ano no que se actuou en 203 km.

Coas actuacións executadas



mellórase o funcionamento natural do río, amortecendo o efecto dos procesos hidrolóxicos e aumentando a súa heteroxeneidade e grao de naturalidade.

Nos traballos de estabilización de marxes aplicáronse técnicas de bioinxeniería.

Premio para Rivas Quintas



A Academia Auriense-Minoriense de San Rosendo distinguiu co premio anual “Manuel Iglesias Grande” a Elixio Rivas Quintas (C.M.). O lexicógrafo, etnógrafo e historiador cunha extensa produción de libros recibirá a distinción no municipio de Celanova cando a

situación sanitaria o permita.

O premiado é un dos grades estudosos históricos da ruta xacobeá, presidente e fundador da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago e presidente de honra da Asociación de Amigos da Vía da Prata de Ourense.

O BNG esixe ao Concello de Cartelle salvar a Torre de Sande

O BNG de Cartelle esixe do alcalde, Jaime Sousa (PP), prazos concretos e unha previsión de gasto para a actuación sobre a Torre de Sande, un ben que goza de protección de Patrimonio do Estado e sobre o que a Xunta negouse reiteradamente a intervir malia as demandas da deputada nacionalista Noa Presas entre 2017 e 2019. A Torre de Sande está recollida no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia con protección xurídica de declaración de Ben de Interese Cultural. Malia estes recoñecementos e da súa importancia histórica e patrimonial, atópase nun pésimo estado de conservación.

“O PP leva anos mareando a perdiz na Xunta e no Concello. Descarga a responsabilidade do atraso na intervención sobre a propiedade. As Administracións teñen ferramentas e deben intervir xa, indicando os prazos de execución e comprometendo gasto. Non hai tempo que perder”, advirte un portavoz do BNG de Cartelle.

Iniciativas

Entre marzo de 2017 e outubro de 2019 o BNG presentou varias iniciativas e preguntas parlamentarias a través da deputada nacionalista por Ourense, Noa Presas,



O BNG manifestouse o pasado verán a prol da Torre de Sande.

nas que se demandaron actuacións para garantir a consolidación, a conservación e a accesibilidade á construción. O PP desoíu as reclamacións das nacionalistas durante todo o ano 2017. A resposta chegou en marzo de 2018 por parte da Consellería de Cultura: “A Xunta non é propietaria do ben”.

O BNG continuou insistindo na cuestión durante 2018, e en febreiro de 2019 volveu denunciar a situación no pleno do Parlamento. “Malia o Partido Popular rexeitar as propostas que ten feito o Bloque Nacionalista Galego en diversas institucións, as necesidades da Torre continúan”, lembrou a deputada. E preguntou: “Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a consolida-

ción, conservación e accesibilidade da Torre de Sande en Cartelle?”.

O último posicionamento parlamentario do PP produciuse na Comisión de Educación e Cultura en outubro de 2019. Os populares rexeitaron a iniciativa para abordar o deterioro da Torre de Sande. En xuño do 2020, O BNG levou a cabo unha acción simbólica na Torre de Sande para exixirle á Xunta que a inclúa no Plan de Rehabilitación xunto as Torres de Porqueira e Sandiás.

Catorce meses despois chega o anuncio do goberno municipal de Cartelle de que dispón dun estudo para actuar. “Que se faga xa, sen máis desculpas. Non hai tempo que perder”, insiste o portavoz do BNG de Cartelle.

Escultura colectiva en Vilar de Barrio



A escultura é un traballo do artista Lois Carrera.

A secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abeolla, participou en Vilar de Barrio na inauguración da escultura colectiva Lieders coa que a Xunta colaborou cun apoio de 8.000 euros a través do programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. A escultura homenaxea ás mulleres e leva o nome de Lieders na honra

do primeiro manifesto feminista de Galicia que foi escrito por Rosalía de Castro canto tiña 19 anos. A través do programa do Concello de Vilar de Barrio, en colaboración coa Consellería de Emprego e Igualdade, desenvólvense diferentes obradoiros para educar na igualdade e na non discriminación por xénero. Editouse, ademais, un vídeo coa colaboración dos alcaldes e alcaldesas da comarca da Limia.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Galicia demanda ao Goberno a inclusión da Limia no Plan de modernización dos regadíos

Galicia demanda ao Goberno central a inclusión da comarca da Limia no proxecto de modernización dos regadíos deseñado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación no marco do seu Plan de transformación ambiental e dixital para o sector agroalimentario. Así o acordou, de xeito unánime, o Comité de Seguimento de Regadíos da Limia, nunha reunión presidida pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), Inés Santé. Deste xeito, o Comité súmase á petición que xa fixera o conselleiro do Medio Rural, José Gon-



Comité de Seguimento de Regadíos da Limia.

zález en Madrid, no Consello Consultivo de Política Agrícola para Asuntos Comunitarios. Ao tempo que considerou insuficientes os 1.051 millóns de euros consignados para o sector primario ao abeiro do Plan de

recuperación, transformación e resiliencia do Goberno central, José González considerou unha aldraxe que dos 563 millóns de euros previstos para regadíos non haxa ningunha partida asignada a Galicia.

TABERNA DO PERICO
SERVICIO A DOMICILIO

Pide al:
988-23-11-13
O al:
628-03-11-05
También por WASAP

O por:

JUST EAT
Uber Eats
Glovo

A alcaldesa eloxia “a oferta gastronómica lucense e ós profesionais da restauración”



Recepción no Concello de Lugo.

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, recibiu no Concello aos hostaleiros lucenses Álvaro Villasante, do restaurante Paprica, e Alejandro e Armando Méndez, da arrocería Os Cachivaches. Ambos locais figuran na Guía Michelin España e Portugal 2021, e comparten a distinción El plato Michelin, que identifica “unha cociña de calidade”. Na recepción participaron tamén o presidente da Asociación Provincial de Empresarios da Hostalería de Lugo (APEHL), Cheché Real, e o vicepresidente, José Manuel Cela.

Lara Méndez subliñou que “queremos facer un especial recoñecemento á restauración en Lugo, un sector que está a atravesar un momento moi delicado, debido ás diferentes restriccións acordadas para conter a pandemia, pero que, non me cabe dúbida, logrará sobrepoñerse, e saír reforzado desta crise”. “En Lugo temos o privilexio de contar cunha ampla oferta gastronómica dunha elevadísima calidade, así como duns profesionais de alto nivel. Proba disto é a distinción que vén de obter o restaurante Paprica e a arrocería Os Cachivaches como Plato Michelin. Non me

cabe dúbida de que en próximas edicións serán máis os restaurantes lucenses que consigan figurar na mencionada Guía e, de seguro, pronto contaremos cunha estrela Michelin no noso municipio”, apuntou a rexedora.

Lara Méndez felicitou aos hostaleiros polo recoñecemento acadado na publicación gastronómica de referencia no país e animounos a seguir esforzándose para alcanzar novas metas. Desde a súa apertura no 2007, o restaurante Paprica conseguiu xa varios recoñecementos, entre os que destacan a Q de Calidade Turística e a mención que renovan anualmente na Guía Michelin. Pola sua parte, Os Cachivaches abriu no ano 2009, en plena crise, co fin de ocupar un nicho de mercado vacío, por iso optaron por unha arrocería e foi medrando co paso do tempo, ata converterse nun restaurante de referencia na cidade.

A provincia de Lugo conta con cinco restaurantes recoñecidos coa distinción de El plato Michelin: Mesón do Campo (Vilalba); Asador Coto Real (Rábade); Nito (Viveiro); Paprica (Lugo) e Os Cachivaches (Lugo), que entra nesta lista por primeira vez.

Monforte repartiu 255 mil mascararas dende o inicio da pandemia

José Tomé, alcalde de Monforte, anunciou a posta en marcha do operativo mediante o cal se repartiron dende o Concello máis de 70.000 mascarillas para os alumnos e alumnas de todos os centros educativos de Monforte. En concreto, o Concello destina 50 unidades por persoa, que “é a maior cantidade repartida por persoa, por unha administración pública, tanto local coma autonómica”, destacou o alcalde. En total, estímase un reparto de 70.200 unidades de mascararas, destinadas a todos os nenos e xóvenes censados en Monforte, correspondentes ás etapas de Primaria, de Enseñanza Secundaria Obligatoria (ESO), así como Bacherelato (BAC) e

Ciclos Formativos de Formación Profesional, en idades de 6 a 18 anos.

O alcalde concluíu destacando que “estas 70.200 mascararas engádense ás 22.000 repartidas polo Concello a principios do mes de setembro, coincidindo co inicio do curso escolar, polo que dende o equipo de goberno destináronse ós alumnos monfortinos máis de 92.000 mascarillas. Con este novo reparto, o Concello destinou dende o inicio da pandemia entre a súa poboación máis de 255.000 mascararas para paliar os efectos do coronavirus, polo que o Concello segue axudando de forma continuada ós seus veciños e veciñas, neste caso á xente máis nova”.

O casco vello de Monforte renóvase

As obras na Praza de Dr. Goyanes e na rúa Abelardo Baanante, que será peonizada, comezaron en Monforte. Estes traballos inclúen tamén a renovación integral da escalinata que conduce a Santo Domingo e á igrexa da Régoa. “Trátase”, en verbas do alcalde, “de dúas actuacións certamente relevantes, que xa anunciamos a finais do pasado ano, e que suporán unha mellora significativa dentro do casco histórico da nosa cidade, pois non só se acadará un embelecemento e renovación dos espazos existentes, senón tamén a conversión en peonil dunha rúa emblemática de dito casco histórico, como é a rúa Abelardo Baanante”.

Para ambos proxectos, o Concello dispuxo dunha inversión que supera os 182.000 euros, en concreto, 182.429,22 euros. As obras na rúa Abelardo Baanante foron adxudicadas á empresa Explotacións Medioam-



O alcalde explicou detalles destas obras.

bientais por un importe de 95.515,20 euros, e a mellora da praza de Dr. Goyanes foi adxudicada á empresa Ocisat por unha contía de 86.914,02 euros.

